

**43.- EXTRACTO ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 10 DE OUTUBRO DE 2016.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**Ausentes:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

*Non asiste a Sra. Concelleira D<sup>a</sup>. Teresa Varela Fisteus.*

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 41 DE DATA 29 DE SETEMBRO DE 2016.**

Acordouse aprobar a acta núm. 41/2016 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 29 de setembro de 2016, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

**2.- LICENZAS DE OBRAS.**

**2.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para a instalación de explotación avícola, situada na parcela de referencia catastral rústica polígono 127 e parcelas 149 e 209, preto do lugar e parroquia de Maceira, con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 28/09/16, e aprobar a liquidación da

Intervención municipal de data 05/10/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 8.527,38 euros.

**2.2.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para instalación de explotación de vacún na parcela da concentración parcelaria polígono 9 e parcela 467, na “zona de concentración de Noceda, Bendoiro, Anzo, Busto, Madriñan”, sita en Méixome-Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 29 de xullo de 2016, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 08/08/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 5.997,45 euros.

**2.3.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para reforma de silo forraxeiro, situada nunha parcela preto do lugar de Alén, Anseán, de Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 07/10/16, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 10/10/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 390,60 euros.

**2.4.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para construción de dous silos para forraxe situada nunha parcela no lugar de Vila, na parroquia de Santiso, de Lalín, con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 07/10/16 e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 10/10/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 1433,80 euros.

**2.5.-** Acordouse **desestimar na súa totalidade o recurso de reposición formulado, con data 18/05/16, contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 03/05/16**, polo que se declarou o seu disentimento, respecto do procedemento tramitado por mor de presentación da comunicación previa de obras e se lle ordenou a total demolición delas, e ordenar ao interesado á súa custa e no prazo máximo de quince días hábiles, a total demolición das obras obxecto do procedemento de reposición da legalidade.

### **3.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.**

**3.1.-** Acordouse **aprobar o informe técnico municipal de data 25/04/16**, emitido examinada a petición formulada por interesada, sobre información urbanística do edificio situado no polígono industrial Lalín 2000, destinado a hotel, con referencia catastral 9851907NH6295S0001AAL–Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 30/09/2016 por

importe de 100 euros en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística.

**3.2.-** Acordouse **aprobar o informe técnico municipal de data 04/04/16**, emitido examinada a petición formulada por interesada, sobre información urbanística na que conste que non existe infracción urbanística nunha edificación na rúa Z, 11 – Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 21/04/2016 por importe de 100 euros en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística, así como a liquidación complementaria de data 08/06/16 por importe de 650 euros.

#### **4.- INFORME PREVIO.**

**4.1.-** Acordouse **aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal de data 29 de setembro de 2016**, emitido examinada a petición formulada por AUGAS DE GALICIA na que solicita informe preceptivo previo para concesión de caudal de auga procedente do regueiro da Lavandeira, no lugar de Barciela – Lalín.

#### **5.- ALTAS EN AUGA E SANEAMENTO.**

Acordouse **aprobar a acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador** presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas, ESPINA Y DELFÍN S.L, así como a formalización dos correspondentes contratos:

**5.1.-** Acometida de auga e contrato de auga no lugar de Fontao, núm. 6 A baixo, parroquia de Botos, Lalín.

**5.2.-** Contrato de auga no lugar de Cobas, núm. 15, baixo, parroquia de Catasós, Lalín.

**5.3.-** Contrato de auga e contrato de saneamento na Praza da Igrexa, núm. 13, 1º H, Lalín.

**5.4.-** Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa C, núm. 43, 5º B, Lalín.

**5.5.-** Contrato de auga e contrato de saneamento na Praza de Galicia núm. 7 B, 1º A, Lalín.

**5.6.-** Contrato de auga e contrato de saneamento na Praza de Galicia núm. 3, 3º A, Lalín.

5.7.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Cidade Xardín, núm. 2, 1º C, Lalín.

## **6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

6.1.- Acordouse adxudicarlle o contrato de subministración denominado **“SUBMINISTRACIÓN DUN SISTEMA DE XERACIÓN DE CALOR CON COMBUSTIBLE DE PELLETS DE MADEIRA”** á empresa **ACENDE ENERXÍA, S.L.** polo importe de 31.990,00 euros, máis a partida de 6.717,90 euros, resultando un importe total de 38.707,90 €, máis a partida correspondente ao IVE.

6.2.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“SUBMINISTRACIÓN DUN SISTEMA DE ALMACENAMIENTO E RESPALDO PARA O CONCELLO DE LALIN”** mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 36.764,46 €, máis a partida de 7.721,16 € correspondente ao IVE, resultando un importe total de 44.485,62 €, e un prazo de execución de 40 días naturais.

6.3.- Acordouse **aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e o Programa de Traballo da obra “REHABILITACIÓN, SANEAMENTO E REFUERZO DEL FIRME DA LA RONDA NORTE-ESTE”.** TRAMO AVENIDA DE OURENSE-ESTRADA N-525, presentado pola empresa Explotaciones Gallegas S.L, de data 28 de setembro de 2016.

## **7.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.**

Quedou pendente para un mellor estudo.

## **8.- BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS PARA O ANO 2016.**

8.1.- Acordouse **aprobar as BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS PARA O ANO 2016**, e autorizar o gasto polos importes de 15.000 euros para actividades culturais e 2.000 euros para actividades de carácter educativo.

## **9.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.**

**9.1.-** Acordouse **proceder á devolución e cancelación da fianza** depositada na Tesourería Municipal polo importe de 1.000,00 €, como garantía para responder das obras de “Canalización de Liña Eléctrica”.

**9.2.-** Acordouse **proceder á devolución e cancelación da fianza** depositada na Tesourería Municipal polo importe de 1.000,00 €, como garantía para responder das obras de “Retranqueo de liña eléctrica e canalización baixo beirarrúa”.

## **10.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.**

**Acordouse aprobar as certificacións de obra:**

**10.1.-** Certificación de obra núm. 1 e final da obra “**MELLORA DE CAMIÑOS DE PORTOSECO (GOIÁS) E REGUFE (SELLO)**” con cargo ao **PLAN MARCO: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016**, presentada pola entidade **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L**, redactada polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas-Director da obra cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **158.385,37 €**.

**10.2.-** Certificación de obra núm. 1 e final da obra “**ACONDICIONAMENTO DA BEIRARRÚA DA RÚA AREAL**”, presentada pola entidade **CONSTRUCCIONES AREAN DEL DEZA, S.L**, redactada polo Arquitecto Técnico Municipal e Director da obra cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **22.500,00 €**.

**10.3.-** Certificación de obra núm. 1 e final da obra “**REHABILITACIÓN E SANEAMENTO RONDA-ESTE-NORTE (TRAMO AVDA OURENSE)**”, presentada pola entidade **EXPLORACIONES GALLEGAS, S.L** redactada polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas-Director da obra, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **188.482,93 €**.

## **11.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 14/2016.**

**11.1.-** Acordouse proceder a **recoñecer extraxudicialmente as facturas** da relación número 00127 por un importe total de 822,80 euros.

## **12.- FACTURAS E CONTAS.**

**12.1.-** Acordouse a **aprobación das relacións de facturas** nº 00128: 40.063,74 euros, nº 00129: 16.550,98 euros, nº 00131: 483,05 euros e nº 00133:

1.973,51 euros por un importe total de 59.071,28 euros, e proceder a reclamar a Espina & Delfin, S.L, o importe de 483,05 euros correspondente a relación nº 00131: 483,05 euros. Así como requirirille o cambio de titular contratos de subministro eléctrico das instalacións recepcionadas pola empresa na acta de recepción e asinada o 30 de abril de 2015.

### **13.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**13.1.-** Acordouse aprobar o informe emitido polo órgano instructor do procedemento, de data 10 de outubro de 2016 ao abeiro das Bases reguladoras da concesión de subvencións para a celebración de festas parroquiais para o ano 2016, e **aprobar as contas xustificativas** presentadas polos beneficiarios.

**13.2.-** Acordouse declarar que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención ao abeiro da Orde do 31 de marzo de 2016, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se desenvolveron as actividades denominadas “**Verán en galego**” e “**A praza ten vida en galego**” en relación á xustificación da subvención concedida.

**13.3.-** Acordouse reintegrarlle a un funcionario municipal a cantidade de 22,51 €, correspondente o 50% do gasto farmacéutico realizado (45,02 €), segundo os recibos que se acompañan.

**13.4.-** Acordouse realizar un contrato de obra ao abeiro do réxime de **contratos menores coa empresa Albañilería Luis Miguel, SLU**, segundo o orzamento remitido pola propia empresa, por importe de 5.106,20 € con destino ao contrato de reparación dos danos na Rotonda entre as avenidas dos Olmos, Montserrat e a estrada de Carballiño no Concello de Lalín.

**13.5.-** Acordouse aprobar o **Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí para o Desenvolvemento do Programa Vacacións en Paz para o ano 2016.**

**13.6.-** Acordouse **aprobar a concesión do VALE 2 en lugar do VALE 1** por mor dun erro, para unha beneficiaria de bolsas complementarias ao estudo.

**13.7.-** Acordouse a **devolución da cantidade de 18 € correspondente ao pago do anuncio** licitación, rehabilitación, saneo e reforzo do firme da Ronda Norte- Este (Lalín)- Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos). Liña 1 a favor de Explotaciones Gallegas S.L, por tratarse dun pago excesivo e polo tanto dun

ingreso indebido en dita cantidade.

**13.8.-** Acordouse **non estimar o recurso de reposición** interposto no que se solicita a modificación da liquidación, dado que a liquidación resulta adecuada e procedente, atendendo a que se emitiu en base ao solicitado previamente polo terceiro e en base ao autorizado pola Xunta de Goberno Local de data 30 de maio, sen que conste ningún acordo de modificación de dito uso con carácter previo á efectividade do mesmo.

**13.9.-** Acordouse **aprobar a liquidación do prezo público** pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais do Concello de Lalín, en concreto na actividade de cursos de natación escolar, por importe de 877,50 € a AMPA Agro de Abaixo do Colexio Xesús Golmar, (meses de abril (292,50 €), maio (292,50 €) e xuño (292,50 €) de 2016).

#### **14.- CORRECCIÓN DE ERROS.**

**14.1.-** Acordouse **corrixir o erro** acaecido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 29 de setembro de 2016 (punto 3.1 da acta – informe urbanísticos).

**14.2.-** Acordouse **corrixir o erro** acaecido no acordo da Xunta de Goberno Local de 27 de xuño de 2016.

#### **15.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**15.1.-** Concedeuse **autorización municipal** para a consulta de expediente número 7020/13 de información urbanística acerca dun camiño en Outeiro, Moneixas – Lalín, non podendo obter copia do mesmo.

**15.2.-** Concedeuse **autorización municipal** para a consulta e copia do proxecto básico de execución do edificio da rúa C/ 39-41 e rúa Maruxa Gutiérrez, 24.

**15.3.-** Concedeuse **autorización municipal** para a consulta e copia do proxecto de aglomerado na rúa F, Pintor Laxeiro e rúa Molinera (Junio de 2014).

**15.4.-** Deuse conta da Resolución Presidencial da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 7 de outubro de 2016, **concedendo ao Concello de Lalín unha subvención por importe de 66.127,49 euros para ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO EN EDIFICIO RÚA MANUEL RIVERO 5, LALIN.**

**15.5.-** Deuse conta da Resolución Presidencial da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 7 de outubro de 2016, **concedendo ao Concello de Lalín unha subvención por importe de 14.425,00 euros para DESEÑO, HOMOLOGACIÓN E MARCAXE DO ROTEIRO DOS PAZOS. ADQUISICIÓN DE SINALIZACIÓN PARA ROTEIROS DE LALÍN.**

**15.6.-** Concedeuse **autorización municipal** para a cesión do Lalín Arena para a realización do IIIº Desfile Benéfico ó sábado 19 de novembro de 2016.

**15.7.-** Deuse conta do escrito presentado para que se atenda o antes posible a petición dun veciño de Lebozán para o desbroce do predio aledaño a súa vivenda pola gran cantidade de maleza que presenta e que pon en serio risco de incendio.

**15.8.-** Concedeuse **autorización a un traballador municipal** para asistir o congreso que organiza a APTB de Galicia (Asociación Profesional de Técnicos de Bomberos) titulado “*La gestión de emergencias*”, na localidade de Maceda, Ourense os días 20 e 21 de outubro de 2016, en horario de 9:40 horas a 16:00 horas así como para o pagamento das dietas e indemnizacións que legalmente procedan.

**15.9.-** **Rexeitouse conceder autorización municipal** para a actividade de ximnasia rítmica para nenos e nenas durante o curso escolar (Outubro-Xuño), na aula do pavillón deportivo os martes e xoves de 16:00 ás 17:00 horas.

**15.10.-** Acordouse **rexeitar e desestimar o escrito presentado pola empresa PORTO VALLA PUBLICIDAD EXTERIOR, S.L,** de data 12 de setembro de 2016, en relación coa retirada das vallas publicitarias instaladas na finca núm. 1 do expediente de expropiación dos terreos para a futura ubicación do CAR no Concello de Lalín.

-----